



Betania LGTBI+: Vivir a diversidade sexual como un don de Deus

Elena Olaortua González¹

Aldarte é un Centro de Atención ás persoas LGTBI+ e a súa contorna que se creou en Bilbao en 1994 para traballar pola Diversidade Sexual e de Xénero (DSG).

No ano 2000 programouse unha charla sobre homosexualidade e relixión e ese foi o xerme do grupo cristián de Aldarte. Betania LGTBI+, que é como a día de hoxe se coñece o grupo, é un máis dos grupos da asociación (espazos de acollida e encontro onde as persoas LGTBI+ poden falar libremente e nunha contorna segura sobre a súa realidade) xunto ao grupo de mulleres LBT (lesbianas, bisexuais e trans), o grupo de mozos, o grupo de apoio mutuo, o grupo de maiores e o grupo de saúde mental, e inclúese na programación mensual como unha máis das actividades. Encántame ver a expresión de sorpresa de moitas persoas cando chegan por primeira vez á asociación e cóntaslles que entre os grupos nos que poden participar hai un grupo cristián. Ao principio cuestionouse a súa existencia porque desde o colectivo non se entendía que pintaba un grupo cristián dentro dunha asociación LGTBI+, e desde ámbitos crentes dicíannos que por que estar dentro dunha contorna tan hostil cara ao relixioso como o colectivo LGTBI+. Foi unha aposta valente por parte das persoas responsables de Aldarte e, pola nosa banda, sempre quixemos estar presentes dentro do colectivo como unha realidade máis. Moitas persoas LGTBI+ educáronse e medra-

¹ Elena Olaortua González é avogada. Estudou na Universidade de Deusto. Traballa en Aldarte, centro de atención a lesbianas, *gais*, e transexuais, coordinando proxectos, dando asesoramento legal e dinamizando grupos de apoio. Forma parte do grupo Betania LGTBI+